

**DONA ELISA MARTÍNEZ ARIAS , SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)**

**CERTIFICA**

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 27 de xullo do 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**NORMAS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS MECÁNICAS E POSTOS NAS FESTAS PATRONAIS 2022**

**NORMAS XERAIS**

- A xestión será responsabilidade da empresa contratada polo Concello ó efecto, a adxudicataria do contrato de servizos de organización ou xestión das Festas Patronais de Agosto, de Monforte de Lemos.
- A empresa adxudicataria do contrato de servizos de organización ou xestión das Festas Patronais de Agosto, de Monforte de Lemos, actuará con autonomía para a xestión da actividade contratada pero sempre baixo as directrices e supervisión do Concello de Monforte de Lemos.
- A empresa adxudicataria do contrato de servizos de organización ou xestión das Festas Patronais de Agosto, de Monforte de Lemo terá dúas oficinas, cedidas polo Concello de Monforte, sitas no edificio de "As Casitas", nas cales se presentarán as solicitudes, a documentación necesaria e farase a revisión da mesma, así como para a atención aos barraquistas, determinación dos lugares nos que se haxan de situar os diferentes postos e a resolución de cantas incidencias prodúzanse durante a celebración das festas.
- A responsable do contrato será a Técnica de Servizos, que se encargará de supervisar a documentación e a montaxe final das atraccións. Poderá estar asistida por unha contratista de servizos para a realización das devanditas funcións.
- Os solicitantes deberán presentar a súa solicitude, acompañada da documentación necesaria ATA O 3 DE AGOSTO DE 2022, no rexistro do Concello de Monforte de Lemos, co fin de revisar a mesma coa antelación suficiente e así poder emendar posibles anomalías.
- A non presentación da documentación, no prazo indicado, poderá dar lugar da denegación da autorización e por tanto á imposibilidade de montaxe das atraccións ou postos.
- Prohíbese a venda ambulante.
- Procederáse á retirada de calquera instalación que careza da preceptiva autorización. Todos os postos deberán exhibir a súa autorización nun lugar visible e mostrarlle á Policía Local se lle fora requirida.
- \_ Habilitarase un lugar de estacionamento para os vehículos e furgonetas dos barraquistas, no estacionamento da Rúa Sarria , debidamente sinalizado e de uso exclusivo para os mesmos.
- As caravanas dos Barraquistas ubicaranse no campo da Feira (Mercado Gandeiro) rúa Luis Moure Mariño s/nº , baixo as indicacións do persoal municipal.

CSV: 07E60009B19E00F0L9W8H6S6C9



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E60009B19E00F0L9W8H6S6C9 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**  
ELISA MARTINEZ ARIAS-Secretaria accidental - 29/07/2022  
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1ª Tenente de Alcalde - 29/07/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/07/2022 18:17:44

DOCUMENTO: 20220635294  
Fecha: 29/07/2022  
Hora: 18:17



PROCEDEMENTO DE OBTENCIÓN DA AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN

- A solicitude, xunto coa documentación esixida para cada unha das atraccións deberá presentarse no rexistro da Casa consistorial.

A partires do 8 de agosto a empresa adxudicataria do contrato de servizos de organización ou xestión das Festas Patronais de Agosto, contará cunha oficina nas Casitas da Compañía para a atención dos barraquistas e todo o relacionado co contrato.

- Unha vez comprobado que a documentación é correcta e que se abonou a taxa correspondente, remitirase á empresa contratada para a xestión das festas ao obxecto de que lle sexa sinalada ao solicitante a localización concreta da súa actividade

- A cada autorizado entregaráselle unha tarxeta identificativa que deberá ter visible no posto durante todos os días da Feira.

- A tarxeta identificativa conterá os seguintes extremos:

a) numero de posto,

b) tipo de posto

c) o titular autorizado

- No posto non poderá haber ningunha persoa que non estea debidamente identificada

- No caso de que houberse dispoñibilidade de localización, unha vez finalizado o prazo de solicitude, poderase asignar espazo a novos solicitantes, debendo estes abonar a taxa correspondente, de forma directa, na oficinas de "Las Casitas".

- A documentación que deben entregar os solicitantes das atraccións e postos será a seguinte:

POSTOS DE VENDA (artesanía, complementos, roupa e similares):

- seguro de responsabilidade civil

- declaración responsable de estar en situación de alta no réxime de autónomos, de estar de alta, no seu caso, no IAE, de estar ao corrente nas súas obrigacións fiscais e con a Seguridade Social e co Concello de Monforte de Lemos.

POSTOS DE ALIMENTOS E BEBIDAS:

- carné de manipulador de alimentos
- seguro de responsabilidade civil
- declaración responsable de estar en situación de alta no réxime de autónomos, de estar de alta, no seu caso, no IAE, de estar ao corrente nas súas obrigacións fiscais e con a Seguridade Social e co Concello de Monforte de Lemos.

INSTALACIÓN DE BARES NA EXPLANADA

Só se autorizarán 4 postos de bar, coa mesma estética e dimensións.

En caso de existir mais solictudes que postos, estes adxudicaranse por orde de entrada das solitudes no rexistro municipal.





Establécese como condición que os solicitantes non poden rexentar un negocio hostaleiro no entorno da explanada da Compañía.

TÓMBOLAS, BINGOS E OUTROS XOGOS DE AZAR.:

- seguro de responsabilidade civil
- declaración responsable de estar en situación de alta no réxime de autónomos, de estar de alta, no seu caso, no IAE, de estar ao corrente nas súas obrigacións fiscais e con a seguridade social e co Concello de Monforte de Lemos.

ATRACCIÓNS INFANTÍS/INCHABLES:

- seguro de responsabilidade civil en vigor (**PÓLIZA E RECIBO DE PAGO**)
- Declaración responsable de estar en situación de alta no réxime de autónomos, de estar de alta, no seu caso, no IAE, de estar ao corrente nas súas obrigacións fiscais e con a seguridade social e co Concello de Monforte de Lemos.
- Certificado técnico de Revisión Anual da atracción firmado por técnico competente.
- Certificado CE.
- Certificado técnico de correcto montaje "in situ"
- Designación do responsable de montaxe da atracción/ inchable.
- Declaración responsable nos seguintes termos: de cumprir todos os requisitos establecidos na normativa vixente para ó exercicio das actividades descritas e de que dispoñen da documentación esixida e así o acreditan, que a porán a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante todas as Festas.

Conforme ó esixido no artigo 40.2 b da lei 9/2013 de 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

E de que o firmante se fai responsable da integridade e veracidade da documentación aportada.

ATRACCIÓNS MECÁNICAS PARA ADULTOS:

- seguro de responsabilidade civil (**PÓLIZA E RECIBO DE PAGO**)
- **Proxecto, se procede ou documentación técnica que o susbtitua.**
- **Certificado técnico de Revisión Anual da atracción firmado por técnico competente.**
- **Certificado CE.**
- **Certificado técnico de correcto montaje "in situ"**
- **Declaración responsable nos seguintes termos: de cumprir todos os requisitos establecidos na normativa vixente para ó exercicio das actividades descritas e de que dispoñen da documentación esixida e así o acreditan, que a porán a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante todas as Festas.**

**Conforme ó esixido no artigo 40.2 b da lei 9/2013 de 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.**

**O/a firmante faise responsable da integridade, veracidade da documentación aportada.**

- Declaración responsable de estar en situación de alta no réxime de autónomos, de estar de alta, no seu caso, no IAE, de estar ao corrente nas súas obrigacións fiscais e con a seguridade social e co Concello de Monforte de Lemos.



A SEGURIDADE DOS POSTOS E ATRACCIÓNS SERÁ RESPONSABILIDADE DOS/AS PROPIETARIOS/AS DESTES, QUE DISPONDRAN DOS CERTIFICADOS TECNICOS QUE O AVALEN

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital.

Vº E PCE.

O ALCALDE

CSV: 07E60009B19E00F0L9W8H6S6C9



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E60009B19E00F0L9W8H6S6C9 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

ELISA MARTINEZ ARIAS-Secretaria accidental - 29/07/2022  
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1ª Tenente de Alcalde - 29/07/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/07/2022 18:17:44

DOCUMENTO: 20220635294  
Fecha: 29/07/2022  
Hora: 18:17





CSV: 07E60009B19E00F0L9W8H6S6C9



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E60009B19E00F0L9W8H6S6C9 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

ELISA MARTINEZ ARIAS-Secretaria accidental - 29/07/2022  
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1ª Tenente de Alcalde - 29/07/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/07/2022 18:17:44

DOCUMENTO: 20220635294

Fecha: 29/07/2022

Hora: 18:17

